



INDICE GENERAL



CLASIFICACIÓN del MONTE:

Costa do Farelo, do Foxo e do Pico

COMUNIDAD PROPIETARIA

MONTE

LUGAR / PARROQUIA

Concello

Ventosa

GOLADA, A

- A) RESOLUCIÓN DE LA CLASIFICACIÓN INICIAL
- B) RESOLUCION DE LA MODIFICACIÓN DE SUPERFICIE
- C) CROQUIS O PLANOS DE LA CLASIFICACION
- D) PLANOS DEL DESLINDE
- E) CONVENIOS
- F) ACTOS DE DISPOSICIÓN
- G) RECURSOS ADMINISTRATIVOS
- H) SENTENCIAS JUDICIALES



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. José A. López Rodríguez
(Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente)

VOCAIS

Dn. Alfonso Castro Carrera
(Avogado polo Colexio da provincia)
D. Manuel Francisco Gutierrez
(Xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais)
D. Luis M^a Muíños Vidueira
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta)

VOCAIS REPRESENTANTES DO LUGAR DE MONTE, CONCELLO DE AGOLADA

D. Claudio López García
D. Manuel Domínguez Casares

SECRETARIA

Dna. Pilar Pita Ponte
(Xefa de Sección do Servicio Técnico-Xurídico da Delegación de Medio Ambiente)

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día catorce de xullo do 2004, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, reúnese na 3^a planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación dos montes "Costa do Farelo e outros", do concello de Agolada.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Mediante escrito con data 24/01/2002, D. Claudio López García como presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común do lugar do Monte da parroquia de Ventosa, solicitou a clasificación como veciñal en man común das parcelas do monte "Costa do Farelo", "Monte do Foxo e do Pico" do lugar do Monte da Parroquia de Ventosa do Concello de Agolada.

SEGUNDO.- Con data 3 de abril de 2002 recibese no Servicio de Montes o expediente para informar sobre a suficiencia da planimetría aportada e se o citado monte se atopa incluído nalgunha das clasificacións existentes. A Sección de Topografía do Servicio de Montes con data setembro de 2002 informa que a planimetría é suficiente, que os montes solicitados non se atopan previamente clasificados e que a cabida do monte do informe pericial que acompaña a solicitude é correcta.



TERCEIRO.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais na súa reunión de data 20 de febreiro de 2003 acorda incoar expediente de clasificación das citadas parcelas e nomear instructor a Manuel Francisco Gutiérrez así como a remisión do expediente ó Servicio de Montes ó obxecto de elaborar o informe preceptivo.

CUARTO.- Con data 12 de marzo de 2003 remítese o expediente ó Servicio de Montes para a elaboración do correspondente informe preceptivo.

Á vista da solicitude e do informe preceptivo os montes obxecto do presente expediente de clasificación obedecen á seguinte descripción:

NOME DO MONTE: "Costa do Farelo"

Cabida: 24 Has. (superficie aproximada)

Lindes:

Norte: Monte Veciñal en Man Común de Ayán, Trascastro e Val e Concello de Antas de Ulla (Provincia de Lugo)

Sur: Muro de pedra que delimita en parte propiedades particulares de Manuel Sánchez García, Claudio López García, Alfredo García Casares, Albino García Otero, Daniel García Vázquez, Concepción Diéguez Vázquez, Violinda López García, Antonio López Méndez, Cesareo Negro Prado, Ignacio Negro Prado, Manuel Borrajo Vázquez, Jesús Diéguez García, Cesar Borrajo García, María García Méndez, Juan Diéguez García, Domingo Negro Prado, Elmo Borrajo García, Manuel Fernández Vence, Celsa García López

Leste: Propiedades particulares de Cesar García e Concello de Antas de Ulla (Provincia de Lugo).

Oeste: Propiedades particulares delimitadas por muro de pedra de José Vázquez García, Manuel García Vázquez, Dolores España, Herdeiros de Dolores Fernández Sánchez.

NOME DO MONTE: "Do Foxo e do Pico"

Cabida: 22,5 Has. (superficie aproximada)

Lindes:

Norte: Concello de Antas de Ulla (provincia de Lugo).

Sur: Concello de Rodeiro

Leste: Concello de Antas de Ulla (provincia de Lugo):

Oeste: Propiedades particulares delimitadas en parte por muro de pedra de Alfredo García Casares, Celsa García López, Cesareo Negro Prado, Juan Diéguez García, José García Otero, Concepción Diéguez Vázquez e Ortensa García Diéguez.

Servidumes: Camiños de Servicio

QUINTO.- Con data 19 de setembro de 2003 solicítase o Rexistrador do Distrito Hipotecario de Lalín certificación dos asentos que poidan afectar o terreo en cuestión. Cumprimentándose con data 04 de novembro de 2003.



XUNTA DE GALICIA
XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN
DE MONTES VECIÑAIS

BENITO CORBAL, 47 - 5.^a
TELÉF.: 986 805 335 - 986 805 436
36070 PONTEVEDRA



XISTRO DE MONTES VECIÑAIS
EN MAN COMÚN
PONTEVEDRA
OUTORGADO, E CONFORME CO ORIGINAL
Data: 12 MAY 2005
O FUNCIONARIO ENCARGADO

SEXTO.- Feita-las comunicacións do artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e aberto período de audiencia non se presentaron alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade co artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro comprende por montes veciñais en man común "... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños".

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como vecinal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

Terceiro.- O uso en man común dos montes solicitados, tense suficientemente acreditado no expediente, sin que se formulara oposición algunha

En consecuencia, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación ó caso examinado, e tendo en conta que no expediente queda acreditado, de xeito efectivo, que os terreos obxecto de clasificación veñen sendo aproveitados consuetudinariamente polos membros desta comunidade, propónse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**



XUNTA DE GALICIA
XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN
DE MONTES VECIÑAIS

BENITO CORBAL, 47 - 5.º
 TELÉF.: 986 605 335 - 986 605 436
 36071 - PONTEVEDRA



REGISTRO DE MONTES VECIÑAIS
 EN MAN COMÚN
 PONTEVEDRA

COTEJADO, É CONFORME CO ORIGINAL

Data: 12 MAY 2005

O FUNCIONARIO ENCARGADO

CLASIFICAR como veciñal en man común os montes "Costa do Farelo", "Do Foxo e do Pico", a favor dos veciños do lugar de Monte, da parroquia de Ventosa, do concello de Agolada de acordo coa descrición reflectida no feito cuarto e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución.


Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

[Handwritten signatures and stamps]

[Circular stamp: XUNTA DE GALICIA, SERVICIO TÉCNICO-XUNTA DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN, PONTEVEDRA, Consellería de Medio Ambiente]

[Handwritten signature: B. Lopo]

REGISTRO DE MONTES VECINIAIS
 EK' MAI COXUN
 PORTOVEDRA
 COTEADO O 21 MAY 2005
 Data: / O funcionario Visagorain



Nº do foll: 22-46
 22-50-57
 Os límites entre parcelas, laranxais, bosques e outros de distinción de categoría 1:25.000 a 1:50.000
 MONTE "COSTA DO TARELO"
 SUP = 24,0 Hts. Aprox.
 MONTE "DO FOXO E DO PILO"
 SUP = 22,5 Hts. Aprox.
 AGRUP. FOTOGRÁFICA
 SCA: 1:10.000
 CONARMA: A OLLAGA
 MONTE: "COSTA DO TARELO"
 CONARMA: MONTE
 SCA: 1:25.000 E 1:50.000
 PLANO DE CLASIFICACIÓN
 XUNTA DE GALICIA
 CONSSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
 SERVIZO DE MANTENCIÓN DE FONTANAS